



Concello de Sarria

ASUNTO: PROPOSTA DA CONCELLERÍA DA ÁREA DE CULTURA DO CONCELLO DE SARRIA PARA A ORGANIZACIÓN DA II EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO E DECORACIÓN DE BÓLAS DE NADAL 2021.

REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN NA I EDICIÓN DO CONCURSO DE DESEÑO E DECORACIÓN DE BÓLAS DE NADAL 2021.

PARTICIPANTES:

Poderán participar todas/os as/os nenas e nenos nados entre os anos 2004 e 2018 (ambos incluídos).

CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS:

1. Deberán de estar decoradas con marcado carácter do Nadal
2. Os traballos presentados deberán ser orixinais, debendo ser confeccionadas polos nenos e nenas concursantes.
3. A elaboración será libre, podendo usar calquera método ou técnica e calquera tipo de material ou elemento decorativo, incluíndo material de refugallo ou produto da propia natureza; respectando sempre o formato dunha bóla ou adorno de Nadal.
4. Terán que ser presentadas cun fío, lazo, corda ou calquera outro mecanismo que permita a súa colocación.

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN.

A participación farase de forma individual, tendo que ser firmada a inscrición polo pai, a nai ou titor ou titora legal de cada un dos participantes.

INSCRICIÓN.

Presentación, lugar e data de inscrición:

A inscrición é gratuíta e formalizárase na **Biblioteca Pública Municipal de Sarria “Camilo Gonsar”**, entregando a bola dentro dunha caixa, bolsa ou recipiente similar cerrado, xunto co formulario de inscrición (anexo I) adxunto a estas bases, debidamente cumprimentado.

Tanto as bólas como as inscricións entregaranse ente os días **14 e 21 de decembro de 2020** (ambos incluídos) en horario de 9:30h a 13:30h e de 16:00h a 19:00h na biblioteca.

As bases do concurso e o formulario de inscrición tamén poderán ser descargados na páxina web oficial do Concello de Sarria www.sarria.es e na sede electrónica: <https://sarria.sedelectronica.es>





Concello de Sarria

ACEPTACIÓN DAS BASES:

Tódolos participantes no concurso, polo simple feito de participar, aceptan as bases desta promoción e as normas que rexen a súa participación. O Concello adquire os dereitos de reprodución e exposición das obras presentadas, as cales serán colocadas nas árbores de nadal situadas no interior dos edificios municipais onde estarán expostas.

PREMIOS.

Establécense os seguintes premios, divididos en tres categorías:

1ª CATEGORÍA: ATA 6 ANOS

1º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 300 euros.

2º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 200 euros.

3º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 100 euros.

2ª CATEGORÍA: ENTRE 7 E 12 ANOS

1º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 300 euros.

2º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 200 euros.

3º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 100 euros.

3ª CATEGORÍA: ENTRE 13 E 17 ANOS

1º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 300 euros.

2º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 200 euros.

3º Premio: Unha tarxeta regalo por importe de 100 euros.

AS tarxetas regalo só poderán ser empregadas en establecementos sarriaos.

XURADO E VALORACIÓN:

O xurado que designe as obras gañadoras estará formado por 3 persoas con coñecementos artísticos.

Na selección de traballos presentados valorarase positivamente a orixinalidade, a innovación, o deseño, a calidade da obra, a transformación de materiais e a dificultade na elaboración, así como a estética do conxunto.





Concello de Sarria

COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES:

Chamarase telefonicamente a cada un dos premiados para comunicarlles o premio obtido e a forma e data da entrega. Publicarase o nome dos premiados na páxina web do Concello e nas redes sociais.

OUTROS :

Todas as dúbidas, problemas e queixas que se susciten na interpretación destas bases resolveranse directamente pola Concelleira Delegada.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE À MARXE



Cod. Validación: 72867NTSPQLH9F7EYTSN7ESCZ | Corrección: <https://sarria.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3